

ACTA DE REUNIÓN DA COMISIÓN DE POLÍTICA DE EMPREGO

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Manuel Fernández Jauregui, Xerente
(ausencia por asistencia a outra reunión)
Emilio M.Martínez Rivas, Vicexerente de
Recursos Humanos
José Manuel Fernández Viña, Xefe do Servizo
de PAS
Margarita González Hernández, Xefa da
Sección de Emprego e Programas (Secretaria)

COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE Luis Pérez Gómez (CIG)

COMITÉ DE EMPRESA DE PONTEVEDRA Marcos Estévez Orge (CCOO) Ángel Torreiro Varela (UXT)

XUNTA DE PAS FUNCIONARIO María Fariza Novoa (CCOO) José Santiago Santos García (UXT) Xoan Cebro Rodríguez (CIG)

Acta da reunión celebrada ás 12:45
horas do día 19 de outubro de 2011, na sala
de xuntas nº 2 do Edificio Xerencia coa
asistencia das persoas que se citan á marxe e
de acordo coa seguinte orde do día:

1. Aprobación da acta do 20.05.11
2. Informe sobre a necesidade de ampliar a lista de agarda nas categorías de TS da Oficina de Relacións Internacionais, TS de Microscopía Electrónica e TE de Microscopía Electrónica.
3. Informe sobre a contratación dun TE de Tecnoloxías da Información e Comunicacions fóra da RPT no campus de Vigo.
4. Rogos e preguntas.

O Vicexerente de Recursos Humanos excusa a ausencia do Xerente, quen xa tiña previamente axendada outra reunión. Ademais explica que na convocatoria hai unha errata no punto 2, xa que onde dí “Técnico Medio de Microscopía Electrónica” debe dicir “Técnico Especialista de Microscopía Electrónica. Tamén indica que por omisión non aparece na orde do día o resumo dos contratos realizados dende a última reunión, polo que se entrega en papel a documentación e se propón a incorporación deste tema á orde do día.

1. APROBACIÓN DA ACTA DO 20 DE MAIO DE 2011.

Apróbase a acta por unanimidade suprimindo na intervención de Santiago Santos no punto 3 a expresión “ sen que sirva de precedente”.

2. INFORME SOBRE A NECESIDADE DE AMPLIAR A LISTA DE AGARDA NAS CATEGORÍAS DE TÉCNICO SUPERIOR DA OFICINA DE RELACIÓNS INTERNACIONAIS, TÉCNICO SUPERIOR DE MICROSCOPIA ELECTRÓNICA E TÉCNICO ESPECIALISTA DE MICROSCOPIA ELECTRÓNICA.

O Vicexerente de Recursos Humanos expón que non se enviou informe previo, xa que se trata de ampliar listas de agarda esgotadas e nas que xurdiron necesidades de contratación por mor da concesión dunha excedencia por interese particular con dereito de reserva de posto (Técnico Superior de Microscopía Electrónica) e por mor dunha baixa por IT (Técnico Superior da Oficina de Relacións Internacionais). No caso da categoría de Técnico Especialista de Microscopía Electrónica está previsto que unha das traballadores vaia causar baixa por maternidade e que aínda que na lista actual queda un candidato, considérase insuficiente para poder atender outras posibles necesidades, polo que se propón tamén a ampliación desta categoría. Indica ademais que se pretende revisar e actualizar as listas de agarda que estean en similares circunstancias.

Marcos Estévez solicita que se esas convocatorias se formalicen canto antes.

Luis Pérez suxire que se envíe un escrito dende a Xerencia aos diferentes Servizos e Unidades para que informen con antelación suficiente das posibles baixas ou necesidades que poidan ter e se podan realizar as convocatorias requiridas.

3. INFORME SOBRE A CONTRATACIÓN DUN TÉCNICO ESPECIALISTA DE TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓNS FÓRA DA RPT NO CAMPUS DE VIGO.

O Vicexerente de Recursos Humanos explica que a necesidade desta contratación está orixinada pola excedencia por incompatibilidade do Técnico Especialista en Informática na Facultade de Ciencias do Campus de Vigo, ademais nesta categoría non existe lista de agarda. Incide no tema de que mentres non se aborde o cambio da RPT a Xerencia é partidaria de unificar as categorías de TEI (Xestión de Redes e Sistemas Informáticos) e TETIC. A maior abundamento sinala que no informe emitido polo Director dos Servizos Informáticos no que solicita dita contratación apunta que as funcións de ambas categorías son similares.

Ángel Torreiro pregunta se nesta decisión se tivo en conta a opinión do departamento ao que está adscrita a praza de TEI (XRSI).

O Vicexerente de Recursos Humanos explica que non se cobre propiamente o posto de TEI, senón que a persoa contratada dependerá funcionalmente da ATIC estando destinada na Facultade de Ciencias.

Luis Pérez indica que esta mesma situación existe en Ourense e que está de acordo coa estrutura que a Xerencia quere implantar, porén considera que debería

facerse unha modificación puntual da RPT en Vigo e Ourense para evitar ter contratos fóra da RPT e de que se estea sen modificar a RPT durante tres anos. Ademais expresa que nunca estivo de acordo coa existencia de dous servizos informáticos.

Marcos Estévez quere saber se a Xerencia vai formular unha modificación puntual da RPT ou unha negociación global.

O Vicexerente de Recursos Humanos responde que esta é unha proposta para emendar unha situación temporal, intentando atender unha necesidade mediante unha política de integración. A Xerencia considera que hai que tratar o temas dos outros dous TEI dos centros tecnolóxicos, para buscar unha estrutura concordante coa situación actual, xa que os servizos informáticos son transversais e ten que haber unha dirección única para manter unha forma de actuar única.

Marcos Estévez indica que o Comité de Empresa de Pontevedra recibiu un escrito do departamento solicitando a cobertura da vacante do TEI e sinala que está de acordo en que se unifiquen os servizos informáticos, e que se faga unha modificación puntual da RPT.

Ángel Torreiro discrepa cos seus compañeiros porque ata o de agora sempre se trataron de xeito diferente aos TEI e aos TETIC, sempre se consideraron categorías diferentes.

Marcos Estévez resposta indicando que o Comité de Empresa si se expresou no sentido de que son categorías similares.

4. ROGOS E PREGUNTAS.

Decídese non tratar nesta reunión o informe sobre as contratacións realizadas xa que se prefire estudar o documento e tratalo nunha reunión posterior.

Xan Cebro intervén neste punto facendo saber que o departamento X14 de nova creación e sede en Pontevedra foi asignado a unha funcionaria interina. Lembra que hai unha sentenza pola que a Universidade tivo que pagarlle o 50% á funcionaria á que se lle encargou a maiores as tarefas administrativas doutro departamento que cambiara a súa sede de Pontevedra para Vigo. Non entende por qué non se concedeu unha comisión de servizos ou se fixo unha contratación e que o argumento que se empregou para esta asignación de tarefas foi o de estar negociando unha nova RPT e comenta que a CIG presentou varios escritos en relación con este asunto.

O Vicexerente de Recursos Humanos informa que os escritos presentados pola Xunta de Persoal e pola CIG-funcionarios serán contestados por escrito.

María Fariza di que CCOO e toda a Xunta de Persoal está de acordo co expresado por Xan Cebro e que non entende por qué a Xerencia non tivo en conta a sentenza anterior, xa que así se evitaría entrar en conflito coa Xunta de Persoal.

O Vicexerente de Recursos Humanos reitera que se lles contestará por escrito.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 13.30 horas, da que como Secretaria redacto esta acta.